

# HISTORIA “OFICIAL” DO CONCELLO DE ZAS SEGUNDO AS ACTAS MUNICIPAIS

Evaristo Domínguez Rial e Xosé M<sup>a</sup> Lema Suárez

## 4<sup>a</sup> parte: A ÉPOCA DA DITADURA FRANQUISTA EN ZAS (1939-1978)

O historiador X. R. Barreiro Fernández, na súa obra *Historia de Galicia. Idade Contemporánea* (1981: p. 365) dá esta opinión xeral sobre o réxime do xeneral Franco, que gobernou España ata 1975:

«O franquismo apoiárase no exército e na policía, pero sería unha sinxeleza pensar que careceu doutras bases de apoio (...). O franquismo consegue a fidelidade dunha burocracia perfectamente escolmada. A Falanxe actúa como centro de recrutamento de persoal que fornecerá ós sindicatos, ós concellos, ás deputacións, ás delegacións provinciais, ás universidades, institutos, escolas etc. Ter asegurado un posto de traballo cunha conxuntura tan difícil xera psicolóxicamente unha fidelidade e crea hábitos de sometemento (unha forma de clientela) que quizais explique a mentalidade e comportamentos de boa parte da nosa administración durante anos.

Esta burocracia non se reduce só ás cidades. Foi mérito do franquismo crear un tecido burocrático, controlado polo réxime, que chegaba ós últimos recantos da nación: os mestres da guerra (feitos en nove meses), os secretarios das *hermandades de labradores* e cámaras agrarias, os secretarios e presidentes dos pósitos de pescadores, dos sindicatos etc., etc. O apoio popular ó réxime, cando facía falla, maiormente co gallo das visitas do Xefe do Estado, estaban, gracias a eles, perfectamente asegurado».

En Zas, durante case toda a etapa franquista mantívose como alcalde **Manuel Montero Barreiro**, en diversas etapas, no remate das cales simplemente era confirmado como máxima autoridade do Concello pola superioridade (o Gobernador Civil). Foi o "alcalde eterno" que tivo Zas, pois gobernou o concello durante case 45 anos. Moitos lembran esta última etapa como a do goberno no Concello de tres familias emparentadas entre si (o alcalde era cuñado do xuíz municipal e consogro do secretario). En 1968 substitúeo no cargo o seu fillo, **Maximino Manuel Montero Romero**, que unicamente vai gobernar tres anos (1968-1971).

En 1971 foi designado alcalde **Antonio Cortizo Cortizo**, mestre e avogado. Foi o último alcalde da Ditadura, o único da etapa predemocrática (confirmárono no cargo en 1976) e tamén habería de ser o primeiro da democracia (obtivo maioría absoluta nas eleccións municipais de 1979). Fracasaría no seu intento seguinte, pois saíría derrotado por Ramón Lois nas eleccións de 1983.

Alcalde: **Manuel Montero Barreiro** (3<sup>a</sup> etapa: 1936-1968)

- 1940** - Nos meses de xullo e agosto houbo destacada en Baio unha compañía de soldados de Infantería da Coruña, ó mando do capitán Evaristo Marchesi e os alféreces Leal, Dapena e Segundo (información tomada de F. Romero Lema: *Bayo en el siglo XX* → Lema 1989: 25).
- 1942** - O Concello compra 112 volumes do Ideario da Falange Española.
- 1943** - Désígnase unha persoa para administrar as “cartillas de racionamento”.



“O campamento militar da Cacharosa estivo situado a unha a a outra beira do río do Porto” (foto XMLS)

- En maio deste ano, augas abaixo da ponte Lodoso da Cacharosa (Baio), a unha e a outra beira do río do Porto, instalouse un **campamento militar de Infantería e Artillería** ó mando do tenente coronel Miguel Osset. A causa desta instalación militar veu motivada pola viraxe que se estaba producindo na Segunda Guerra mundial a principios deste ano, tras a derrota alemá no norte de África e en Stalingrado. Stalin esixira ós seus aliados a apertura dunha nova fronte na Europa occidental, para o que era imprescindible un desembarque das tropas aliadas concentradas en Gran Bretaña nalgún punto da costa atlántica do continente europeo. Franco debeu pensar que este desembarque ben podería ser en Galicia, e a nosa Costa da Morte era unha zona ben propicia. Do campamento de Baio saían todos os días destacamentos de soldados para vixiar a costa, do cabo de Santo Adrián (Malpica) a Traba e Camariñas.

- Consérvase unha foto de José Vidal co gallo da celebración do 18 de xullo, na que aparecen, xunto ós mandos militares, entre outros, o alcalde de Zas (Manuel Montero), o xefe local da Falange e o cura de Baio (Juan Astray), que por ser o capelán do campamento tamén gozaba de graduación militar.



Os oficiais do campamento da Cacharosa nesta do 18 de xullo de 1943. O alcalde de Zas, o párroco de Baio e o xefe da Falange de Zas no centro (foto Vidal).

- Nas actas municipais non se fala deste asentamento castrense ata o 25 de setembro.

#### 1944 - Consta nas actas a instalación de **luz pública no campamento de Baio.**

- O 6 de xuño ten lugar o gran desembarque aliado nas costas de Normandía, inicio da conquista da Francia ocupada polos nazis desde o inicio da guerra en 1939. En agosto ten lugar a liberación de París. A vitoria dos aliados na guerra é imparable; a derrota nazi é só cuestión de tempo.

Albiscando a inminente caída de Hitler, o goberno de Franco tratará de aparentar unha neutralidade que antes non tivera, dado o seu indisimulado filoxermanismo. O campamento baiés foi un perfecto termómetro dos cambios que se estaban producindo: no verán empezáronse a licenciar soldados -cando antes se retiveran varias quintas- e en outubro desmantelouse a todo correr de maneira definitiva.



O desembarco aliado de Normandía en xuño de 1946 puido ser na Costa da Morte


- 1944** - Noutra orde de cousas, consta na actas un premio ó mestre de Lamas por familia numerosa. Chamábase don Aquilino e era de Estremadura. Xa viñera nos tempos da República, e era cuñado doutro mestre andaluz que houbera en Bamiro, de ideas moi democráticas, Pedro Suárez, que marchara para Huelva en 1935.
- 1946** - A Garda civil solicita un local, cunha previsión de gasto de 4.000 ptas. anuais. En Baio houbo un posto provisorio desta forza entre 1946 e 1947. Era a época da gran actividade dos **guerrilleiros antifranquistas** (popularmente coñecidos como "**os focellas**") por toda Galicia, con múltiples accións armadas contra significadas persoas do Réxime imperante e contra a garda civil<sup>1</sup>.

No concello de Zas non se producira ningunha acción guerrilleira, pero si no veciños de Vimianzo: a finais de 1946 os guerrilleiros personáronse na taberna de Villar de Tines e esixiron o pagamento dunha importante suma de diñeiro; tamén outro atraco no Aplazaduro (Nade). Mais a acción máis sonada e atrevida fora o asalto á casa-cuartel da Garda Civil en Vimianzo, o 8.11.1946, que tivo como resultado a morte por disparos dun garda e dun asaltante.

<sup>1</sup> A xeneralización do nome dos *focellas* para todos os guerrilleiros vén do alcume do máis famoso deles, Benigno Andrade, alias o Foucellas pola súa aldea de nacemento, no concello de Curtis. Para o Goberno franquista eran oficialmente simples “bandoleiros”, e rara vez aparecía na prensa alguna acción destes grupos, mesmo cando eran abatidos os seus membros, pois sería como recoñecer que existía unha oposición política armada republicana ó Réxime. Por esta razón se lle encargou a súa represión á Garda Civil e non ó exército. Sobre o Foucellas, véxase o libro de V. Luis Lamela García: «*Focellas*». *El riguroso relato de una lucha antifranquista (1936-1952)*; Edicións do Castro, Sada, 1992.

- No tocante á presenza dos guerrilleiros antifranquistas na comarca escribiu Braulio Astray Romero contra 1993:

*«Los guerrilleros que actuaban en esta comarca formaban parte de la **IV agrupación** y el comando que protagonizó los sucesos de Vimianzo era el denominado ‘Santiago Álvarez’ o ‘Pasionaria’, a cuyo mando se hallaba **Manuel Ponte Pedreira**, bajo las órdenes directas de Benigno Andrade, ‘Foucellas’. Tanto en Bayo como en sus alrededores todos estos grupos de huidos contaban con una, no diremos que infraestructura, pero si **activa colaboración por parte de muchos paisanos** que le prestaban su ayuda, bien sirviéndole de enlaces, bien dándole cobijo, bien procurando llevarle comida al monte o bien sirviéndole de guías o ‘cicerones’ en sus desplazamientos. Concretamente en Bayo, en Tines, en Borneiro, en Corme, en Telleiras y quizá en otras aldeas o caseríos fueron varias las veces que se guarecieron, pernoctaron y se alimentaron. Hemos conocido y tratado personalmente, por razones de vecindad, a muchos de estos **enlaces o encubridores** (uno de ellos era el sacristán que tenía mi tío Juan en la iglesia de Bayo). Algunos de ellos fueron sometidos a Consejos de Guerra y condenados a penas de prisión. A otros les dió tiempo a huir antes de ser detenidos; dos de ellos, vecinos de Bayo, huyeron para la R. Argentina. Se descubrió el nombre de estos enlaces a raíz de la muerte de Ponte en el mes de abril de 1947, y ello se debió a que entre la ropa que vestía cuando fué abatido figuraban algunos nombres».*



- Máis adiante Astray Romero fai constar que os guerrilleiros -ou fuxidos- non cometeran ningunha morte na comarca. “Solo -en lucha cuerpo a cuerpo- la del guardia civil en Vimianzo”. Lembraba tamén que un tenente coronel da Garda Civil visitou o seu pai -o médico Braulio Astray Vidal- para ordenarlle que se abstivese de curar as feridas dalgún “bandoleiro” e que o comunicase á Garda Civil.

*«Las personas que por aquel entonces despuntaban por su ideología de derechas eran mi padre [Braulio Astray Vidal], médico de A.P.D.; su primo carnal Manuel Astray,*

*farmacéutico, y mi tío Juan Astray, párroco de Baio desde 1927. Ninguno de ellos había tomado parte activa en la política ni ocupado cargo alguno, ni aún en los gobiernos de derechas. Se limitaban a prestar ayuda y colaboración durante las elecciones al Congreso de los Diputados a la candidatura de su amigo D. Benito Blanco-Rajoy (...) por el partido de la CEDA» [B.A.R.]*

- Anos despois, un veciño de Baio -que “era el más importante enlace que las guerrillas tenían en esta amplia comarca”- confesoulle a Astray Romero que nin o seu pai nin ningún Astray tiñan que temer ningunha acción armada por parte dos comandos guerrilleiros, pois había unha orde do propio Ponte de non molestar os membros desta familia, debido a que o xefe guerrilleiro estaba casado cunha prima dos Astray de Ordes<sup>2</sup>.



- Manuel Ponte Pedreira, o guerrilleiro de maior prestixio, morreu loitando en Pontagra en 1947. Na súa roupa atopouse unha axenda con nomes de persoas colaboradoras coa guerrilla.

---

<sup>2</sup> Un dos membros desta familia de Ordes, Manuel Astray Rivas, foi un activo colaborador da IV agrupación de Manuel Ponte. Véxase o seu libro *Síndrome del 36. La IV agrupación del Ejército Guerrillero de Galicia*; Ediciós do Castro; Sada, 1992. Chama a atención que un membro dunha familia de dereitas se arriscase tanto na loita antifranquista. Entre as páxinas 153 e 157 fala de como coñeceu a Carmen Balboa, enlace da guerrilla no seu piso das Hortas de Santiago. Foi detida en 1946 e pasou dous anos no cárcere. Desta muller, que tiña un irmán na guerrilla, falamos nas páxinas dedicadas ós persoeiros da parroquia de Baio, pois andando o tempo foi profesora do Colexio Labarta Pose desta localidade (1973-1980).

Unha das consecuencias inmediatas deste achado foi un consello de guerra, a **Causa 200/47 "instruída contra el paisano Manuel Suárez Gómez y otros, por el delito de ayuda a bandoleros, de la que es Juez Instructor el Comandante de Artillería Don José Seoane y Seoane, del Juzgado Militar Especial de E. y O. A. de la Octava Región"**.

**En lembranza da mestra rebelde de Bamiro**

XOSÉ MARÍA LEMA SUÁREZ

**O** 21 de abril recibía sepultura no cemiterio de Baio Carmen Balboa López, profesora de EXB xabíada. Carmen Balboa foi mestra de Bamiro, entre 1961 e 1973, e do colexio Labarra Pazo de Baio, de 1973 a 1980.

Leremos de novo aquel libro de Daniel Sívitero titulado *La flota es roja: papel clave del radiotelegrafista Benjamín Balboa en julio de 1936*. O protagonista desta obra era Benjamín Balboa, irmán de Carmen, quen o 17 de xullo de 1936, sendo un simple telegrafista, conseguiu el sócoso súa mensaxe en morse mantendo así unido de la flota en la fidelidad republicana en los primeros días de la guerra.

Por eso, o apelido Balboa foi para sempre odiado polo neonazismo Franco, e non algamos por Carreiro Blanco. Carmen vería como lle fusilaban en Caraxena a outro irmán, José, o 29 de maio de 1939, sen que se atendese as desesperadas peticións de clemencia dirixidas ó Xefe de Estado e esposa. Outro irmán, Jesús, botou anos fusilado.

Carmen, a menor dos Balboa, sentíase identificada co espírito liberal, librepensador e contestatario de Benjamín, o irmán maior: «Yo soy rebelde. Decían que mi hermano me había influido, que me había hecho mala, y yo encantada de que me hiciera así», declaraba en 1983, na súa casa de Ceán-Bamiro, a Sívitero.

**Vinganza**

Lembraba daquela como zafira a vinganza dos vencedores. Non o esquecería na vida. Fora unha mozo valente e ariscada que se convertera en enlace entre os moquis astifranquistas, sustamente da cuarta agrupación guerrilleira, dirixida por Manuel Pío, e sefe máis respectado e prestixiado —o polo oposto do andrónico Francisco—. O seu irmán Jesús, fusilado, integrárase naquel exército republicano clandestino —gavala de bandoleiros para o réxime— que pretendía precipitadamente a ditadura.

Daquele matén intrépida relata un episodio case romántico o arripado de Ondes Manuel Astray Rivas no seu libro *Síndrome del 36*.

No verán de 1945 fora el retirar a Santiago un paquete de armas para a cuarta agrupación, que lle foi estregado por unha muller moi fermosa duns trinta anos: «Al verla experimenté como una sacudida eléctrica y mi corazón se puso a latir aceleradamente (...). Fue la última vez que la vi. Pero aún sigo teniendo la impresión de que estuve delante de una mujer extraordinaria. Y además astifranquista (...). Nunca más volví a encontrarme con esa señorita tan encantadora. A veces oía mencionar su nombre, por haberse convertido en un ferromán y destacado democristiano».

Esta enganadora mozo non tardaría en ser detida, en marzo de 1946, xunto co seu irmán Jesús. Simóntonos a un daqueles «habiles interrogatorios» e pasaría dous anos na cadea (na Coruña e País Vasco). Apartada da súa profesión docente, ata que a principios dos sesenta vea destinado a Bamiro, onde coeceu ó seu marido, Roberto Veiros Gómez, que acaba de regresar da emigración na Arxentina.

«Nas palabras de despedida no seu funeral falouse do seu sufrimento pola enfermidade. Pero su vida sufrida abunda, como cuando fora a Caraxena, ela nos, para llevarse un poco cosa?»

—«Yo venía a ver a mi hermano, pero llegó tarde. ¿Acaso era un mal día, padre, como para ser ejecutado?» preguntou ela

—«Claro, hija, claro, pero era rojo, respóntalle o frade.



Carmen Balboa chegou a Bamiro nos anos sesenta despois de estar na cadea en 1939, recolle-las pertenzas do seu irmán José, acubiado de fusilar. Un frade franciscano entregalle unha bolsa coas roupas do fusilado e preguntoulle:

—«Desde tan lejos, del último rincón de España, viene usted para llevarse un poco cosa?»

—«Yo venía a ver a mi hermano, pero llegó tarde. ¿Acaso era un mal día, padre, como para ser ejecutado?» preguntou ela

—«Claro, hija, claro, pero era rojo, respóntalle o frade.

LA VOZ DE GALICIA (ed. Carballo), p. 5 (29-04-1988)

**Nota necrolóxica de Carmen Balboa (1998)**

- O xuízo militar iniciouse na Coruña o 13 de decembro de 1947. Os encausados foron moitos, nada menos que 67, dos cales a maior parte (50) eran da comarca, da Terra de Soneira (xente de Baio, Tines, Vimianzo, Traba, Laxe, Carreira etc.); de Ordes había 10; do Val do Dubra, un; de Negreira, dous; de Ferrol, un; da Coruña, outro; e tamén de Ourense e de Ribadavia. No sumario aparecen homes e mulleres, xente de esquerdas ou de ideoloxía republicana sobre todo, pero tamén de dereitas e apolíticos.

- O xurado pronunciou sentenza o 21 de febreiro de 1948. Unha sentenza moi longa, que ocupaba sete folios escritos polas dúas caras. Nela había fortes penas para algúns dos encausados (30 anos de prisión), 12 anos para outros, dous anos para os menos metidos etc. Tamén houbo absolucións, sobre todo para persoas de dereitas que foran detidas porque algúns dos encausados dixeran que eran os seus xefes. Tal era a “psicose paranoica” das unidades da antiguerrilla -palabras de Braulio Astray- que confundiron un xefe dunha empresa cun xefe guerrilleiro. Tamén detiveran un coñecido fogueteiro de Baio por confundiren os gardas civís as bombas de palenque (os foguetes) coas de man.

**1947** Primeira certificación por obras para a construción da Casa Consistorial de Zas, da que xa se empezara a falar case un cento de anos atrás, en 1852, pero nunca se deu concretado.

**1949** Ampliase o presuposto para a construción da Casa do Concello ata 472.122 ptas.

**1950** Créase unha praza de garda municipal para vixiar a observancia das ordenanzas municipais.

**1951** - O 11 de outubro inaugúrase a **Casa Consistorial de Zas**, que presenta na fachada unha estrutura que lembra a das Torres do Allo: un corpo horizontal central -cun pórtico de tres arcadas de medio punto- flanqueado por dous torreóns a cada lado.



A obra pétreo do edificio foi do mestre de obras das Salgueiras (Agalada) Severino Abelenda, a quen houbo que recorrer polo asunto da construción dos arcos (fora un canteiro exiliado nos Estados Unidos polas súas ideas republicanas). Da carpintería encargárase José Pailos e da pintura Fortunato Valeriano Gerpe.

[Para unha información máis ampla sobre “A longa historia da construción da Casa do Concello”, véxase [www.concellodezas.org](http://www.concellodezas.org) → ‘Zas polo miúdo’ → Zas]

**1954** - O 27 de xuño inaugúranse en Baio as **Escolas Agra Regueiro**, que foran sufragadas a partes iguais entre os veciños de Baio (a “parroquia de aquí”) e os emigrados na República Arxentina, cidade de Buenos Aires (a “parroquia de aló”). Como o Estado non achegara nada -só uns cartos para libros- os veciños tiveron bo coidado de situar na fachada unha inscrición con letras ben grandes: “COSTEADAS POR EL PUEBLO”, que en tempos contemporáneos permitiu que se recuperase o edificio pola asociación de veciños. Agra Regueiro foi un mestre da parroquia de finais do séc. XIX e principios do XX que se atvera a pedir, en 1889, unha escola para nenas, rexeitada de plano pola corporación municipal.





Foto escolas Agra Regueiro

**1957** - Seis anos despois da inauguración da Casa do Concello xa houbo que repararlle o tellado.

**1959-1961** Alcalde: **Maximino Manuel Montero Romero** (1<sup>a</sup> etapa), fillo do alcalde anterior

**1960** - Establécese un consorcio para a **repopoación de montes**, que afectaba, sobre todo, ós que rodean o Bico de Meda. Os **veciños de Carreira** tiveran unha reunión cos membros do equipo de repoboación forestal para plantar na zona alta deste monte e deixar a baixa para zona de pastoreo de ovellas e vacas. Trazaron unhas liñas que servían de puntos de referencia, pero o equipo de repoboación non as respectou e rompeu os acordos cos veciños. A consecuencia disto houbo unha pequena rebelión comunal, pouco frecuente naqueles anos de ditadura: os veciños, cando viron que se pasaban os límites, subiron ó monte e expulsaron os operarios que estaban alí traballando. A raíz disto, puxéronse os veciños de acordo co cura para establecer o consorcio, e así chegouse a unha concentración do monte alto de Carreira, que aínda hoxe é o único monte concentrado do concello con proxecto de pistas para acceder ás leiras.



Multitudinario enterro do médico Braulio Astray Vidal (foto Vidal)

**1961-1968** Recupera a alcaldía **Maximino Montero Barreiro** (4<sup>a</sup> etapa no cargo). Ignoramos o motivo polo cal o fillo a ocupara durante eses dous anos.

**1961** Primeiros **receptores de televisión** no concello -polo menos en Baio-, unha vez inaugurada a estación retransmisora do monte Pedroso de Santiago.

- Segundo Francisco Romero Lema, nos presupostos xerais do Estado de decembro deste ano incluírase o da estrada da ponte de Baio a Baio no seu primeiro tramo ata Xora. Nunca chegou a facerse e houbo que esperar a que chegase a Concentración Parcelaria, contra 1966-1967.

**1963** Inauguración do alumeado público en Baio, con moitos fallos nos primeiros anos.

Primeiro tractor da parroquia de Baio, de Claudina Romero Lema.

**1964** - Hai nas Actas un expediente de expropiación de terras polas obras do encoro da Fervenza (que afectaba ás parroquias de Brandoñas e Brandomil).

- Tamén hai constancia nas Actas dunha homenaxe popular que o pobo de Baio tributou a **monseñor Maximino Romero Lema**, con motivo do seu nomeamento como bispo auxiliar de Madrid. O 2 de agosto o pobo de Baio recíbeo multitudinariamente; ese mesmo día descóbrese unha placa que dá o seu nome á rúa principal da vila.



Recibimento en Baio a Maximino Romero Lema (2.08.1964). Foto Vidal.

**c. 1965**

### **Un concello incomunicado durante moitos anos**

- A non ser as estradas xerais de Santiago (a de Zas e a de Brandomil) e da Coruña, o Concello de Zas seguía sen ter estradas interiores nin pistas por onde puidesen circular automóviles. Aínda así, o tramo de Santa Comba a Baio non estaba asfaltado (aínda tardaría os seus anos); os coches “respiraban” brevemente cando entraban na vila de Zas, pois aquí e en Santa Cataliña de Santa Comba o piso era de cemento.

- Para a comunicación de Zas coa Piolla o único que se preocupou foi un inquedo e valente mestre de Gándara chamado Gerardo Antelo Ramos, que conseguiu poñer os veciños de acordo para que cedesen o paso polas súas propiedades. Aproveitouse un camiño xa existente, que sufriu novo trazado, e foise facendo a obra sen ningunha axuda institucional, pois -polo que se conta aínda agora- seica incluso se contou cunha total oposición por parte das forzas vivas do Concello, motivada por intereses comerciais ruíns. Verdade ou non, o certo é que moito se criticaba daquela (polo baixo) as insalvables trabas administrativas que se poñían para abrir un negocio na capital municipal.

- Por volta de 1969 rapaces de 15 ou 16 anos gañaban unhas pesetas “aporrillando” pedras para esta pista; por estas datas o único tramo asfaltado era o de Zas a Ventoselo; o resto non se asfaltou ata despois de 1972.

- Tería que morrer o ditador (1975) e chegar a democracia para que houbera unha mínima comunicación viaria entre Zas e as parroquias meridionais, algunhas tan afastadas coma Brandomil e Brandañas.

**1967**

- Remata a concentración parcelaria en Loroño, Santo Adrián do Castro e Vilar.

**1968-1971** De novo no cargo de alcalde **Maximino Manuel Montero Romero**; sucede ó seu pai por segunda e definitiva vez.

**1968** - Recíbese un comunicado oficial do Goberno español para a **creación dos colexios comarcais de EXB**. O 18 de abril tomara posesión José Luis Villar Palasí como ministro de Educación, e da súa man virá a revolucionaria Lei da Reforma Educativa de 1970 que leva o seu nome. Vese que tiña ben pensada a Reforma, pois xa a anunciaba no mesmo ano de tomar posesión.



Un equipo do Calor H.D., en 1969, con X.M. Cundíns (arriba á dereita), daquela párroco de Santo Adrián de Castro e de Loroño [foto tomada do libro 50 anos da historia do fútbol da Costa (1964-2014), de X.Ma Rei e X.Ma Lema]

- Aínda que, por suposto, nada se di nas Actas, non está de máis lembrar que o cura **Xosé Manuel Cundíns ‘o Santeiro’**, daquela párroco de Santo Adrián do Castro e Loroño, funda nestas parroquias a **Hermandad Deportiva Calor (H.D. Calor)** co obxectivo de proporcionar diversión a través do deporte á mocidade destas dúas parroquias, pois había unha carencia total nestas aldeas aínda daquela incomunicadas, ás que había que chegar malamente por pistas de terra. Pouco lles tiñan que agradecer os mozos e as mozas destas e doutras parroquias ó goberno municipal, desde logo. Ademais de partidos amigables de fútbol con equipos da redonda (Baio, Xallas, Soneira etc.) ó longo de 1969 e 1970 o crego organizou actividades culturais diversas (recitais de poesía, representacións teatrais, actuacións musicais...) que non había nin en Zas nin en Baio.  
[máis información: ‘Zas polo miúdo’ → Loroño; tamén: Rei Lema e Lema Suárez 2015: 87].

**1969** - Inauguración da gasoleira O Regueiro na Cacharosa, de Alfonso Martínez.

**1970** - O 4 de agosto publícase no BOE a **Ley General de Educación** que leva o nome do ministro que a propuxo, **Villar Palasí**, unha lei progresista para o seu tempo que, coa construción de colexios comarcais, facilitou o acceso ós estudos de bacharelato e superiores ó alumnado das zonas rurais. Este ministro foi unha ‘rara avis’ dun goberno

franquista, pois favoreceu ás clases baixas; ós próceres do Réxime non lles gustou moito tanto favoritismo cara ás clases traballadoras, e Carrero Blanco, cando o Xefe do Estado o nomee en 1973, destituírao axiña. Seguramente a morte de Carrero en decembro deste ano, nun atentado da ETA, impediu a derogación desta Lei.

- Inscríbense como bens propios os terreos destinados á construción dos colexios comarcais de EXB de Zas e Baio, os da zona norte do concello. O alumnado da zona sur (Brandomil, Brandoñas...), dada a falta de comunicacións coa capital municipal, queda destinado ó colexio de San Cosme de Antes (Mazaricos).

**1970** - Entréganse os títulos de propiedade de concentración parcelaria ós veciños de Lamas e ábrese a pista a Vilachán.

- Nas actas consta tamén un telegrama de adhesión ó Réxime dirixido polo alcalde ó vicepresidente das Cortes. A causa seguramente sería polas protestas internacionais contra o Réxime polo chamado Xuízo de Burgos de decembro deste ano contra membros de ETA.

**1971-1976** Foi nomeado alcalde **Antonio Cortizo Cortizo**, avogado e mestre. É a súa primeira etapa (1971-1976). Substituíu no cargo a Maximino Manuel Montero Romero, que en 1971 pon fin a máis de 80 anos de dominio “monterista” no Concello de Zas: iniciado polo seu avó Montero Torreiro en 1888 e continuado polo seu pai Montero Barreiro. Toda unha dinastía política.

**1971** Cómprase o reloxó do edificio da Casa Consistorial e remátanse as obras do reemisor de televisión do monte do Castro (parroquia de Santo Adrián).

**1972** - Requerimento da Delegación de Educación para a dotación de infraestrutura ós predios dos colexios de EXB de Zas e Baio, que xa estaba construídos e en funcionamento. O primeiro director do de Zas foi o novo alcalde, Antonio Cortizo, e do de Baio José Mato.

- Subvención de 2 millóns de pesetas para a condución de auga para Baio e Zas (a primeira custa arredor de 4 millóns).

- Subvención da Deputación de 200.000 ptas. para a luz pública de Baio.

- Falece, en accidente de automóbil, o erudito baiés Francisco Romero Lema, cronista dos acontecementos máis sobranceiros da súa vila natal desde principios do séc. XX.

**1973** Proxecto de instalación de teléfonos en Gándara e Brandomil.

**1975** - O 25 de abril apróbase o nome de **Labarta Pose** para o colexio de EXB de Baio. Partiu dunha iniciativa veciñal: unha vez máis os baieses impediron que levase o nome dunha

escola ou colexio algún cargo político ou prócer do goberno franquista, como aconteceu noutros lugares (Carballo, Cee etc.).

- A Corporación adhiúrese á solicitude do alcalde de Negreira tendente á **instalación dunha planta de celulosa** na zona.

- Tamén se crea unha biblioteca pública e se fala da adquisición dunha máquina fotocopiadora.

- A finais de novembro envíase un telegrama de pésame pola morte de Franco e outro de adhesión ó rei Xoán Carlos I.

**1976** - Felicítase oficialmente a **Ovidio Vidal Ríos**, médico militar veciño de Baio, polo seu ascenso a xeneral de brigada. Recibe unha homenaxe popular en Baio, onde unha avenida recibe o seu nome.

**1978** - Contencioso administrativo contra o Concello por parte do funcionario Luís Cereijo, que fora destituído en 1936 por poñerse ás ordes da República. O Tribunal Supremo deulle a razón e o Concello e este tivo que recoñecerlle 43 anos de servizo e indemnizalo con dez millóns de pesetas.

- Este mesmo ano solicítase unha central telefónica para a vila de Zas (Baio xa a tiña desde moitos anos atrás, polo menos desde os anos cincuenta).